

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



PROGRAMA XESTIÓN INTEGRAL DE COLONIAS FELINAS POLO MÉTODO CES/CER - CONCELLO DE MUXÍA





1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

O presente programa ten como obxecto establecer os criterios e condicións técnicas e xurídicas que han de cumprirse para a autorización e xestión das colonias felinas mediante o método **CES/CER (captura, esterilización e solta/retorno)**. O propósito fundamental é acadar unha mellora na calidade de vida dos gatos, diminuír os problemas derivados da superpoboación e garantir unha integración harmónica e unha convivencia adecuada tanto nos núcleos urbanos de Muxía como, de ser o caso, no ámbito rural.

Este documento desenvólvese ao abeiro do marco legal vixente, especificamente atendendo ao disposto no **Artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e benestar de animais de compañía en Galicia**, que establece:

1. *"Os concellos deberán establecer conforme as condicións e os requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario/a que viven na rúa, sempre que as condicións da contorna o permitan co fin de control e protección poboacional."*
2. *"Os gatos integrantes nas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase en nome do concello ao cal lle compete a vixilancia e control sanitario destas poboacións."*

As poboacións felinas urbanas teñen a súa orixe no abandono de animais, na perda de exemplares domésticos e nas camadas de gatas con propietarios non esterilizadas e de hábitos merodeadores. Unha vez establecida a poboación, a propia taxa de natalidade interna é o principal factor de incremento.

Controlar o tamaño e a adecuación das colonias mediante a súa esterilización é o obxectivo que o Concello de Muxía desexa acadar con este procedemento de autorización, rexistro e xestión de colonias de gatos urbanos.

Beneficios do modelo CES/CER:

- Redución ou eliminación dos posibles problemas asociados á presenza de gatos urbanos non controlados.
- Estabilización do tamaño das colonias e diminución progresiva do número de animais que ingresan nos centros de acollida.
- Fomento da colaboración altruísta de voluntariado de coidadores (sexan de protectoras ou non), para a efectividade dos programas de control.

Este proxecto apoia-se no labor altruísta da sociedade, e facilita a colaboración de voluntario/as e colectivos, cumprindo así a demanda e obriga de respecto cara os animais. A prioridade e o método de traballo será sempre acadar a mellora das condicións das colonias felinas e facilitar a convivencia entre animais e cidadáns/as.



2. DEFINICIÓNS

Para os efectos da aplicación deste protocolo, establécense as seguintes definicións:

- **Colonia controlada de gatos esterilizados:** Poboación autorizada de gatos urbanos sobre a que se aplica o método CES/CER, con seguimento e control da súa evolución para diminuír o tamaño da poboación e a súa fertilidade. En concreto, o Concello de Muxía realizará o servizo de xestión das colonias a través de servizos profesionais e apoiarase na función dos voluntarios para alimentar e facilitar auga aos animais da colonia. Ao mesmo tempo, transmitirán aos servizos municipais a necesidade de atención veterinaria dalgún exemplar, así como colaborarán cos servizos profesionais no que estes soliciten para facilitar o servizo. En todo caso, as decisións sobre a xestión serán consensuadas entre o Concello de Muxía e os servizos profesionais.
- **Gato urbano:** Exemplar que vive en liberdade na contorna urbana, carecendo de propietario ou posuidor, sen que se consideren como tales as persoas que lles proporcionan alimento ou atencións de xeito habitual ou ocasional. Recordando que os que faciliten alimentación, sen previa autorización municipal, poderán ser sancionados, seguindo a normativa de benestar animal, no caso de non adquirir a condición de propietario, cesar a actividade e comunicalo o concello ou solicitar a súa alta coma coidador voluntario.
- **Colaborador/a autorizado:** Persoa física autorizada polo Concello de Muxía que se compromete ao coidado, atención dos animais, control da inmigración de novos exemplares e mantemento das condicións de salubridade da colonia. As necesidades que excedan a alimentación, facilitación de auga e comunicación de incidencias ós servizos municipais, xestionaranse a través dos servizos profesionais .
- **Colaborador/a responsable:** Persoa que, ademais das tarefas de colaborador autorizado, exerce o papel de interlocutor/a directo co equipo técnico municipal para a consolidación e seguimento da colonia.
- **Entidade colaboradora:** Asociacións de protección animal legalmente constituídas e inscritas nos rexistros oficiais (nivel municipal, autonómico ou nacional) que colaboran co Concello na xestión, consolidación e control das colonias felinas. Colaboran de xeito desinteresado con Concello e os servizos profesionais seguindo as pautas de estes, para cubrir as necesidades que xurdan e nas que se precise a súa colaboración.

3. DESENVOLVEMENTO: REQUISITOS E PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

Os/as cidadáns/as interesados/as na autorización/registro dunha colonia felina, primeiro presentarán unha solicitude por registro e unha vez aprobada, realizarase a declaración responsable do coidados onde se acepta a normativa e programa de xestión municipal así como limitarse as funcións establecidas polo concello e os servizos profesionais; deberán presentar a declaración responsable ao servizo municipal competente e encargado da xestión da mesma. A solicitude incluírá os nomes, enderezo, teléfono e correo electrónico do solicitante e

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



colaboradores propostos, a localización da colonia e a súa descrición en canto a número de animais (Anexo I).

Calquera pode presentar a solicitude, sen preferencias

O servizo municipal competente na materia, tras análise da solicitude formulada, realizará unha visita á localización e emitirá un informe técnico sobre a autorización ou non da devandita colonia, tendo en conta criterios de saúde pública, de sanidade ambiental, características da localización, seguridade, etc. No caso de que a colonia sexa autorizada, os animais serán rexistrados a nome do Concello ou da entidade/persoa autorizada que se faga responsable da mesma.

Localizacións permitidas

As colonias poderán situarse, tras informe técnico favorable, en:

- Vías e espazos públicos.
- Parques e zonas axardinadas municipais.
- Solares e descampados de titularidade municipal.
- Dominios privados, sendo preceptiva a **autorización expresa e por escrito** do propietario do terreo.

Localizacións Prohibidas ou Restrinxidas

Para garantir a saúde pública, a seguridade e a convivencia, non se autorizarán colonias a unha distancia inferior a **100 metros** das seguintes localizacións:

- Centros docentes (garderías, colexios, institutos).
- Centros sanitarios (centros de saúde, clínicas) e centros de maiores.
- Centros deportivos.
- Parques infantís.
- Zonas especificamente habilitadas para cans.
- Terrazas de hostalería (restaurantes, bares e cafeterías).
- Proximidades de vías de tráfico rodado intenso.

Vías de inicio do procedemento

1. **Solicitude de rexistro:** Mediante a presentación do modelo oficial (Anexo I).

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



2. **Actuación de oficio:** Como consecuencia de queixas veciñais ou avisos pola existencia de gatos sen xestionar nun punto determinado, onde o Concello poderá promover a creación da colonia controlada.

Valoráse cada solicitude de autorización de maneira individual e durante o tramite de análises da solicitude poderase solicitar calquera información complementaria que se precise para emitir o informe de autorización definitivo.

Naqueles casos nos que a localización da colonia sexa causa de conflito e/ou discrepancia veciñal, o Concello poderá colaborar realizando información e formación sobre os beneficios da xestión controlada das colonias CER entre os veciños afectados e, se fose preciso, mediación entre as partes, sempre que as condicións de saúde pública, protección ambiental e da contorna e seguridade permitan. A mediación realizarase sempre por un representante do persoal municipal ou persoal delegado dos servizos profesionais

4. ACORDO ESPECÍFICO PARA A ESTABILIZACIÓN DA COLONIA

Previamente ao inicio das actuacións, subscribirase un **Acordo Marco de Colaboración (Anexo II)** entre o Concello e os colaboradores co obxecto de unificar criterios e normalizar a xestión.

- **Formación:** Priorizarase a formación dos xestores mediante a realización de cursos ou obradoiros sobre métodos de captura, alimentación, hixiene e protocolos veterinarios. A formación será facilitada por orde do Concello a través dos servizos profesionais que está dado de alta como centro de formación e dispoñen dos coñecementos profesionais para transmitir os coidadores
- **Supervisión:** O control da colonia será realizado polas xestoras baixo a supervisión obrigatoria dun colaborador autorizado e un responsable, seguindo as boas prácticas de implantación. Corresponde ó Concello o control e supervisión da correcta xestión da colonia, segundo as observacións da mesma ou mediante información facilitada polos servizos profesionais ou coidadores
- **Mediación:** A mediación realizarase sempre por un representante do persoal municipal ou persoal delegado dos servizos profesionais.
- **Os labores de información** sobre os beneficios das colonias felinas serán programados e deseñados entre o Concello e os servizos profesionais, podendo contar coa colaboración de voluntarios, nas funcións e maneiras que se determinen na programación realizada.

5. PROTOCOLO CER: MANTEMENTO, CONTROL E XESTIÓN DA COLONIA FELINA

O proceso de xestión integral divídese nas seguintes fases:

1. **Acondicionamento do lugar:** Retirada de lixo, dexeccións e restos de alimentos. Habilitación de zonas discretas para alimentación e acubillo.

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



2. **Captura:** Realizarase mediante gaiolas trampa automáticas. O procedemento deberá seguir as pautas de seguridade e vixilancia permanente descritas no **Anexo III**.
3. **Avaliación sanitaria:** Os animais serán avaliados por facultativos veterinarios. O testaxe FeLV (Leucemia Felina) e FIV (Inmunodeficiencia Felina) non será incluído no procedemento estándar, quedando a criterio do facultativo. A eutanasia será unicamente aplicada por razóns humanitarias cando as condicións do animal sexan incompatibles cunha vida digna (criterios GEMFE). Se desparasitarán interna e externamente e aplicaráselle a vacinación trivalente.
4. **Tratamento clínico:** Inclúe desparasitación, esterilización cirúrxica e identificación.
5. **Marcaxe auricular:** Para a identificación visual rápida, farase pequena marca na orella, que non se confunda cunha ferida (non todo o cuarto superior) : **esquerda para as femias e dereita para os machos**.
6. **Rexistro e Identificación:** Microchipado obrigatorio que se realizará **a nome do Concello**. Cumprimentarase a ficha individual correspondente (Anexo IV).
7. **Retorno ou Adopción:** Sempre retorno excepto se existe xa un adoptante en espera do animal, cumprindo así a lexislación de benestar animal, ca excepción de que o animal empece a manifestar problemas de saúde, ata que se recupere dos mesmos.

6. PROTOCOLO DE ATENCIÓN DE ANIMAIS ENFERMOS OU FERIDOS

Someteranse a atención veterinaria en clínica aqueles animais que presenten enfermidades ou patoloxías que precisen algunha intervención, incluído o manexo do animal, tratamento ou realización de probas diagnósticas.

Ante a detección de patoloxías de pouca entidade, sempre que así se considere mediante criterio veterinario, talles como alteracións gastrointestinais ou síntomas respiratorios leves, poderá levarse a cabo o tratamento por persoal formado e designado ao efecto, previa valoración veterinaria dos animais, o cal establecerá o diagnóstico presuntivo probable e o tratamento que sexa preciso. So o veterinario dos servizos profesionais a través de recepción de aviso de persoal do Concello, poderá autorizar ditos tratamentos e realizará os preceptivos diagnósticos .

Ante alteracións graves, falta de resposta ao tratamento ou empeoramento do estado clínico do ou os animais, procederase á captura dos mesmos e posterior traslado á clínica veterinaria para realizar un diagnóstico exhaustivo e pautar o tratamento adecuado e/o, no seu caso, hospitalización, illamento e vixilancia ata a súa recuperación.

No caso preciso dito veterinario poderá solicitar a recollida en ingreso do animal se así o precisa.

Para as patoloxías ou accidentes máis frecuentes, tales como, atropelos, enfermidades crónicas ou graves ou envelenamentos, estableceranse protocolos claramente detallados que deberán cumprirse por parte de todo o persoal implicado no programa.

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



O Concello autoriza a realizar os avisos de situacións graves (que poñan en perigo a vida do animal directamente ós servizos profesionais polo coidador do exemplar implicado, sempre que os responsables municipais non se encontren dispoñibles para autorizar a actuación.

7. PROTOCOLO MELLORA DA COLONIA: Normas de mantemento diario

- **Alimentación:** Subministración controlada de alimento seco e auga limpa. O alimento húmido resérvase exclusivamente para capturas ou tratamentos médicos. Queda terminantemente prohibido o uso de restos de comida doméstica.
- **Hixiene:** Limpeza diaria de comedeiros e bebedeiros. Non se deixarán alimentos no solo e os recipientes deberán ser esteticamente aceptables e situarse en lugares pouco visibles.
- **Control de inmigración:** Detección inmediata de novos exemplares para a súa esterilización e control sanitario.
- **Instalacións e mobiliario urbano asociado.** O mobiliario urbano será sempre consensuado con Concello para evitar molestias os veciños e garantir a correcta estética e practicidade do mesmo
- **Campañas de Adopción.** As campañas de adopción poderán ser realizadas polos voluntarios seguindo protocolos marcados polos servizos profesionais.

As actuacións de control mediante o método CES fan que os gatos libres poidan vivir durante mais tempo, con maior calidade e baixo o control das persoas que os coidan, por iso, as asociacións proporcionarán formación e información aos colaboradores sobre o método e a súa correcta implantación.

8. COLABORACIÓN, PARTICIPACIÓN e FORMACIÓN.

Cursos, seminarios, etc, realizados polos servizos profesionais dados de alta como centro de formación, contando se é necesario coa colaboración do voluntariado, segundo as pautas indicadas dende os servizos municipais

Servizos veterinarios: os servizos profesionais que prestan servizo ao Concello dispoñen de clínica propia e ademais centros concertados con servizo 24 horas para calquera continxencia, estes serán os servizos autorizados polo Concello.

Servizos de mediación: persoal municipal ou servizos profesionais.

Priorizaráse a participación e formación mediante a realización de cursos e talleres para xestores, asociacións, veterinarios, policía municipal, servizos de limpeza, etc., nos que se establecerán as pautas comúns para o correcto control das colonias: métodos de captura CER, alimentación, protocolos de hixiene, traslados e protocolos veterinarios, entre outros.

Regularanse as figuras do “colaborador autorizado” e “colaborador responsable”, e “entidade colaboradora”, que se identificarán e seguirán o protocolo establecido polo programa. Deste xeito, aquelas persoas autorizadas que non cumpran co protocolo, serán retiradas do proxecto.

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



Estas figuras estarán suficientemente acreditadas polo Concello por medio dun carné colaborador.

Servizos veterinarios O Concello contará coa axuda e colaboración de servizos veterinarios para a realización das actuacións contempladas no presente Plan de Xestión, tanto no relativo aos procedementos de esterilización como á atención veterinaria en casos de urxencia. Os servizos profesionais que prestan servizo ó concello dispoñen de clínica propia e ademais centros concertados con servizo 24 horas para calquera continxencia, estes serán os servizos autorizados polo Concello.

Servizos de mediación : persoal municipal ou servizos profesionais

Axentes de mediación. Dependendo do conflito xurdido enviaranse axente de mediación municipal cando o conflito sexa entre os veciños e algún responsable ou coidador colaborador dunha colonia felina.

O control da colonia, a súa alimentación, salubridade, hixiene e estado de saúde dos animais, poderase realizar dunha forma mais eficaz desde as xestoras das colonias, sexan estas asociacións, colectivos ou voluntarios responsables diso, pero en todo caso, debera existir polo menos, un colaborador autorizado e colaborar responsable.

Desta forma lográsese unha xestión da colonia, seguindo as boas practicas da súa implantación, conseguindo unha convivencia respectuosa entre a cidadanía e os gatos das colonias.

En todo caso, con carácter previo ao comezo das actuacións, se subscribirá un acordo específico para cada suposto, no que cada unha das partes asumirá uns compromisos concretos en relación coa estabilización e seguimento da colonia, de forma que todas as partes implicadas queden suxeitas aos mesmos.

Neste mesmo acordo detallase tamén o obxectivo final da actuación (incluído o mecanismo de autorización da reposición de exemplares, en caso de autorizarse esta práctica), e os elementos e indicadores a ter en conta na avaliación dos resultados obtidos. Todos os documentos estarán a disposición dos colaboradores e demais interesados na páxina web do Concello de Muxía (www.concellomuxia.com), ou lles serán facilitados desde o Departamento de Medio Ambiente.

Poderase solicitar informacion do estado da colonia así como das actuacións realizadas por parte de calquera cidadan como indica a lei de transparencia

9. SEGUIMIENTO E VIXENCIA

O seguimento realizarase a traves do concello coa colaboracion dos servizos profesionais sen excluír as consultas que se poidan realizar por parte de calqueira cidadan ou persoa física ou xurídica como marca a lei de transparencia • Os coidadores facilitaran informe anual do estado da colonia, numero de exemplares, estado actual, necesidades, e calquera outro dato de interese, para que poida ser contrastado ca informacion que dispoña o concello e os servizos profesionais

Este programa entrará en aplicación desde a data da súa aprobación polo Concello de Muxía.

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



10. ÁMBITO TERRITORIAL DO PROGRAMA.

O presente Programa de xestión levarase a cabo en todas as colonias felinas do termo municipal de Muxía, en dúas fases. A primeira no núcleo urbano de Muxía e a segunda nos núcleos rurais.

A xestión debe adaptarse ás particularidades territoriais. As zonas divídense, de xeito xeral, nos seguintes tipos:

● **Zonas urbanas:** Ámbitos de alta densidade de poboación e recursos.

● **Zonas periurbanas:** Espazos intermedios con características mixtas (residenciais, industriais ou naturais). Adoitan presentar alta concentración de gatos comunitarios, con incremento de gatos merodeadores.

● **Zonas rurais:** Ámbitos de baixa densidade poboacional, onde predominan gatos en réxime de semi propiedade ou merodeadores

● **Zonas naturais e medio natural protexido:** Espazos especialmente sensibles desde o punto de vista da biodiversidade.

11. OUTROS PROTOCOLOS

O Concello comprométese a desenvolver os seguintes protocolos:

- Protocolo de xestión de gatos comunitarios en localizacións privadas.
- Protocolo de actuación en obras.
- Protocolo de Atención veterinaria de urxencia.
- Protocolo ante gatos falecidos.
- Protocolo en situacións de emerxencia.
- Protocolo de desprazamento e recolocación
- Protocolo en situacións de conflito e mediación
- Protocolo de adopción.
- Protocolo de gatos en zonas sensibles.
- Protocolo de avaliación de impacto sobre a biodiversidade.
- Protocolo de malos tratos
- Protocolo de gatos merodeadores ou semiprivados.

Os protocolos indicados realizaranse polo concello de Muxia en colaboración cos servizos profesionais, valorando a aportación que poida achegar calquera cidadán ou persoa física ou xurídica, ditas aportacións valóranse dende o punto de vista ético, legal e de benestar animal para a súa posible incorporación os protocolos.

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



12.ANEXOS (MODELOS OFICIAIS)

Anexo I: Modelo normalizado de solicitude.

Anexo II: Modelo acordo de colaboración.

Anexo III: Pautas para a instalación de gaiolas trampa.

Anexo IV: Ficha individual dos gatos integrantes da colonia.

Anexo V: Modelo de informe periódico de seguimento da colonia.

Anexo VI: Declaración responsable como persoa coidadora.

Anexo VII: Declaración responsable como persoa responsable.

Anexo VIII: Carné colaborador e responsable.

Anexo XIX: Datos do censo previo de feito de individuos existentes nas colonias felinas.

ANEXO I

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE COLONIA FELINA

DATA: _____

A persoa (as) abaixo asinantes como “solicitante (es)” Responsable solicitan ao Concello de Muxía a Autorización de la Colonia, que será xestionada polo método CES/CER, coas características e localización se describen en este documento. .

NOMBRE, APELLIDOS, DNI, CORREOS ELECTRONICOS, TELEFONO Y DOMICILIO DE SOLICITANTE (S) RESPONSABLES.

COLABORADORES CUIDADORES DA COLONIA. NOME, APELIDOS, CORREO ELECTRONICO, TELEFONO E ENDEREZO (Incluír tamén ao solicitante se vai a actuar como coidador). Indicar a persoa que será o/a Colaborador/a responsable da colonia.

¿PERTENECE O/a SOLICITANTE (S) A ALGUNHA ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS REXISTRADA? (En caso afirmativo consignar a persoa que pertence, o nome da Asociación e municipio onde está rexistrada).

DESCRIPCION DA COLONIA

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



Localización (Enderezo postal completo. Engadir calquera referencia o dato que facilite a localización exacta de la colonia):

Número de animais no momento da solicitude (se algúns son cachorros citalo):

OS ANIMAIS ESTÁN ESTERILIZADOS NO MOMENTO DA SOLICITUDE?

DECLARACION RESPONSABLE DE SOLICITANTE(S) E COLABORADORES CUIDADORES

Os abaixo asinantes solicitan ao Concello de Muxía a autorización da colonia felina descrita neste mesmo documento como colonia xestionada polo método CES/CER. En caso de recibir esta autorización por parte do Concello, os solicitantes e colaboradores coidadores comprométense a cumprir con todo o estipulado no documento "Protocolo de Autorización e Xestión Integral de Colonias Felinas, polo método CES/CER, no Concello de Muxía.

Igualmente os abaixo asinantes declaran coñecer e aceptar os termos do citado documento.

A continuación plasmar os nomes e sinaturas de solicitante (s)/responsable e colaboradores coidadores.

NOME E SINATURAS:



ANEXO II

MODELO DE ACORDO MARCO DE COLABORACION PARA ESTABILIZACION DUNHA COLONIA DE GATOS URBANOS.

Nos últimos anos estableceuse nas inmediación de _____
_____(localización), unha colonia de
gatos urbanos que ven sendo atendida por _____
_____ (usuarios, traballadores, veciños, asociación..... (anotar
o que proceda).

Co motivo de mellorar as condicións de salubridade do entorno, mellorar as condición de vida da colonia felina e minimizar as molestias, os colaboradores expresan a súa vontade de solicitar/comunicar ao Concello de Muxía a súa colaboración, de forma que permita a sostenibilidade deste grupo de animais minimizando o seu impacto no entorno mediante o control da reprodución, estado sanitario e mantemento de adecuadas condicións no que se refire á situación hixiénica do entorno.

Sendo consciente que para elo , debe exercerse unha adecuada supervisión sobre eles, defínense as seguintes condicións de colaboración:

1. _____

(Os colaboradores e a entidade colaboradora), conforme ao solicitado na petición e colaboración formulada ao Concello de Muxía, asumirán as seguintes accións (enuméranse unha serie de accións xenéricas, en funcións dos resultados obtidos na avaliación da mesma):

1. Localizar as persoas que habitualmente se ocupan da alimentación dos animais, implicándoas no proxecto, informándoas dos hábitos que deben ser corrixidos.
2. Alimentar aos animais nos lugares previstos para iso, e exclusivamente con alimento específico para gatos (seco e húmido para capturas e tratamentos), retirándose (no intervalo de tempo que se determine), os posibles sobranceiros e os comedeiros non fixos. Non se poderán ofrecer restos de comidas ou alimentos de elaboración doméstica.
3. Non fornecer alimento, en ningún caso, en localizacións non permitidas, aínda que se observe a presenza de gatos.

CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



4. Acondicionar a localización, manténdoa en adecuadas condicións hixiénicas, incluída a retirada de restos sobrantes de alimentos e recipientes e a hixienización periódica de comedeiros e bebedoiros.
 5. Colaborar activamente, cos servizos municipais, na recollida, captura e posterior solta dos animais pertencentes na actualidade ao grupo que se desexa estabilizar, a non ser que os colaboradores ou entidade queiran realizalo por conta propia.
 6. Supervisar o estado dos animais, detectar animais enfermos ou novos, así como camadas, e colaborar na súa retirada para recibir unha correcta atención
 7. Os animais enfermos ou feridos serán atendidos pola asociación ou no seu caso colaborador, segundo o establecido no acordo asinado.
 8. Colaborar na vixilancia, seguimento e avaliación da colonia, elaborando e remitindo anualmente informe da situación da colonia: condicións de salubridade na zona onde se emprazan os gatos, estado no que se atopan os animais e dos tratamentos veterinarios practicados no seu caso.
2. O Concello de Muxía, en resposta á solicitude presentada, realizará as seguintes actuacións:
1. Asesorar en materias relativas ás pautas de acondicionamento da localización que procedan e alimentación dos animais entre outras.
 2. Capturar os animais pertencentes ao grupo que se desexa estabilizar e efectuar o seu devolución á localización, cando non poidan facelo a asociación ou colaborador.
